

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA  
CURSO 2019-2020

### TÁBOA PERIÓDICA DOS ELEMENTOS

**74** ← número atómico  
**W** ← símbolo  
volframio ← nome  
183,84 ← peso atómico (peso atómico estándar)

En condicións normais:  
H gas  
Br líquido  
W sólido  
Cg sintético

alcalinos	alcalinotérreos	metais bloque d	lantanoideos	actinoideos	metais bloque p	non metais	gases nobres
-----------	-----------------	-----------------	--------------	-------------	-----------------	------------	--------------

13 14 15 16 17

5 B 6 C 7 N 8 O 9 F 10 Ne  
boro carbono nitróxeno osíxeno flúor neon  
10,81 12,011 14,007 15,999 18,998 20,180  
(10,806, 10,810) (12,009, 12,011) (14,005, 14,008) (15,994, 15,999)

11 12

13 Al 14 Si 15 P 16 S 17 Cl 18 Ar  
aluminio silicio fósforo azufre cloro argón  
26,982 28,085 30,974 32,06 35,45 (26,981, 26,982) 39,948

1 <b>H</b> hidróxeno 1,008 (1,0078, 1,0082)	2 <b>He</b> helio 4,0026											13 <b>B</b> boro 10,81 (10,806, 10,810)	14 <b>C</b> carbono 12,011 (12,009, 12,011)	15 <b>N</b> nitróxeno 14,007 (14,005, 14,008)	16 <b>O</b> osíxeno 15,999 (15,994, 15,999)	17 <b>F</b> flúor 18,998 20,180	18 <b>Ne</b> neon
3 <b>Li</b> litio 6,94 (6,938, 6,941)	4 <b>Be</b> berilio 9,0122											13 <b>Al</b> aluminio 26,982	14 <b>Si</b> silicio 28,085 (28,084, 28,086)	15 <b>P</b> fósforo 30,974	16 <b>S</b> azufre 32,06 (32,059, 32,075)	17 <b>Cl</b> cloro 35,45 (35,446, 35,453)	18 <b>Ar</b> argón 39,948
11 <b>Na</b> sodio 22,990	12 <b>Mg</b> magnesio 24,305 (24,304, 24,307)	3 <b>Sc</b> escandio 44,956	4 <b>Ti</b> titanio 47,867	5 <b>V</b> vanadio 50,942	6 <b>Cr</b> cromo 51,996	7 <b>Mn</b> manganeso 54,938	8 <b>Fe</b> ferro 55,845(2)	9 <b>Co</b> cobalto 58,933	10 <b>Ni</b> níquel 58,693	11 <b>Cu</b> cobre 63,546(3)	12 <b>Zn</b> zinco 65,38(2)	13 <b>Ga</b> galio 69,723	14 <b>Ge</b> xermanio 72,630(5)	15 <b>As</b> arsénico 74,922	16 <b>Se</b> selenio 78,971(8)	17 <b>Br</b> bromo 79,904 (79,901, 79,907)	18 <b>Kr</b> criptón 83,796(2)
19 <b>K</b> potasio 39,098	20 <b>Ca</b> calcio 40,078(4)	21 <b>Sc</b> escandio 44,956	22 <b>Ti</b> titanio 47,867	23 <b>V</b> vanadio 50,942	24 <b>Cr</b> cromo 51,996	25 <b>Mn</b> manganeso 54,938	26 <b>Fe</b> ferro 55,845(2)	27 <b>Co</b> cobalto 58,933	28 <b>Ni</b> níquel 58,693	29 <b>Cu</b> cobre 63,546(3)	30 <b>Zn</b> zinco 65,38(2)	31 <b>Ga</b> galio 69,723	32 <b>Ge</b> xermanio 72,630(5)	33 <b>As</b> arsénico 74,922	34 <b>Se</b> selenio 78,971(8)	35 <b>Br</b> bromo 79,904 (79,901, 79,907)	36 <b>Kr</b> criptón 83,796(2)
37 <b>Rb</b> rubidio 85,468	38 <b>Sr</b> estroncio 87,62	39 <b>Y</b> itrio 88,906	40 <b>Zr</b> circonio 91,224(2)	41 <b>Nb</b> niobio 92,906	42 <b>Mo</b> molibdeno 95,95	43 <b>Tc</b> tecnecio	44 <b>Ru</b> rutenio 101,07(2)	45 <b>Rh</b> rodio 102,91	46 <b>Pd</b> paladio 106,42	47 <b>Ag</b> prata 107,87	48 <b>Cd</b> cadmio 112,41	49 <b>In</b> indio 114,82	50 <b>Sn</b> estaño 118,71	51 <b>Sb</b> antimonio 121,76	52 <b>Te</b> telurio 127,60(3)	53 <b>I</b> iodo 126,91	54 <b>Xe</b> xenón 131,29
55 <b>Cs</b> cesio 132,91	56 <b>Ba</b> bario 137,33	57-71 <b>lanfanoideos</b>	72 <b>Hf</b> hafnio 178,49(2)	73 <b>Ta</b> tantalio 180,95	74 <b>W</b> volframio 183,84	75 <b>Re</b> renio 186,21	76 <b>Os</b> osmio 190,23(3)	77 <b>Ir</b> iridio 192,22	78 <b>Pt</b> platino 195,08	79 <b>Au</b> ouro 196,97	80 <b>Hg</b> mercurio 200,59	81 <b>Tl</b> talio 204,38 (204,38, 204,39)	82 <b>Pb</b> chumbo 207,2	83 <b>Bi</b> bismuto 208,98	84 <b>Po</b> polonio	85 <b>At</b> ástato	86 <b>Rn</b> radón
87 <b>Fr</b> francio	88 <b>Ra</b> radio	89-103 <b>actinoideos</b>	104 <b>Rf</b> rutherfordio	105 <b>Db</b> dubnio	106 <b>Sg</b> seaborgio	107 <b>Bh</b> bohrio	108 <b>Hs</b> hasio	109 <b>Mt</b> meitnerio	110 <b>Ds</b> darmstadio	111 <b>Rg</b> roentgenio	112 <b>Cn</b> copernicium	113 <b>Nh</b> nihonio	114 <b>Fl</b> flerovio	115 <b>Mc</b> moscovio	116 <b>Lv</b> livermorio	117 <b>Ts</b> teneso	118 <b>Og</b> oganeson
57 <b>La</b> lantano 138,91	58 <b>Ce</b> cerio 140,12	59 <b>Pr</b> praseodimio 140,91	60 <b>Nd</b> neodimio 144,24	61 <b>Pm</b> prometio	62 <b>Sm</b> samario 150,36(2)	63 <b>Eu</b> europio 151,96	64 <b>Gd</b> gadolinio 157,25(3)	65 <b>Tb</b> terbio 158,93	66 <b>Dy</b> disprosio 162,50	67 <b>Ho</b> holmio 164,93	68 <b>Er</b> erbio 167,26	69 <b>Tm</b> tulio 168,93	70 <b>Yb</b> iterbio 173,05	71 <b>Lu</b> lutecio 174,967			
89 <b>Ac</b> actinio	90 <b>Th</b> torio 232,04	91 <b>Pa</b> protactinio 231,04	92 <b>U</b> uranio 238,03	93 <b>Np</b> neptunio	94 <b>Pu</b> plutonio	95 <b>Am</b> americio	96 <b>Cm</b> curio	97 <b>Bk</b> berkelio	98 <b>Cf</b> californio	99 <b>Es</b> einsteinio	100 <b>Fm</b> fermio	101 <b>Md</b> mendelevio	102 <b>No</b> nobelio	103 <b>Lr</b> lawrencio			

# ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>	<b>4</b>
<b>2-OBXECTIVOS.....</b>	<b>5</b>
<b>3- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</b>	<b>9</b>
<b>4-METODOLOXÍA.....</b>	<b>10</b>
<b>5-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....</b>	<b>11</b>
<b>6. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....</b>	<b>11</b>
<b>7- FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO.....</b>	<b>12</b>
<b>7.1-OBXECTIVOS.CONTIDOS. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE.....</b>	<b>12</b>
<b>7.2- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.....</b>	<b>17</b>
TEMPORALIZACIÓN.....	21
<b>7.3- CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....</b>	<b>22</b>
<b>8- FÍSICA E QUÍMICA 3º ESO.....</b>	<b>23</b>
<b>8.1-OBXECTIVOS.CONTIDOS. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE.....</b>	<b>23</b>
<b>8.2- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.....</b>	<b>30</b>
TEMPORALIZACIÓN.....	36
<b>8.3- CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....</b>	<b>37</b>
<b>9- FÍSICA E QUÍMICA 4º ESO.....</b>	<b>38</b>
<b>9.1-OBXECTIVOS.CONTIDOS. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE.....</b>	<b>38</b>
<b>9.2- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.....</b>	<b>45</b>
TEMPORALIZACIÓN.....	57
<b>9.3- CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....</b>	<b>57</b>
<b>10- FÍSICA E QUÍMICA 1º DE BACHARELATO.....</b>	<b>59</b>
<b>10.1-OBXECTIVOS.CONTIDOS. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE.....</b>	<b>59</b>
<b>10.2- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.....</b>	<b>69</b>
TEMPORALIZACIÓN.....	79
<b>10.3- CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....</b>	<b>79</b>

<b><u>11- FÍSICA 2º BACHARELATO.....</u></b>	<b>81</b>
<b><u>11.1-OBXECTIVOS.CONTIDOS. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.</u></b>	
<b><u>COMPETENCIAS CLAVE.....</u></b>	<b>81</b>
<b><u>11.2- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.....</u></b>	<b>92</b>
<b><u>TEMPORALIZACIÓN.....</u></b>	<b>92</b>
<b><u>11.3- CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO</u></b>	
<b><u>ALUMNADO.....</u></b>	<b>104</b>
<b><u>12- QUÍMICA 2º DE BACHARELATO.....</u></b>	<b>105</b>
<b><u>7.1-OBXECTIVOS.CONTIDOS. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.</u></b>	
<b><u>COMPETENCIAS CLAVE.....</u></b>	<b>105</b>
<b><u>7.2- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.....</u></b>	<b>111</b>
<b><u>TEMPORALIZACIÓN.....</u></b>	<b>117</b>
<b><u>7.3- CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO</u></b>	
<b><u>ALUMNADO.....</u></b>	<b>117</b>
<b><u>13-ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E</u></b>	
<b><u>AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....</u></b>	<b>119</b>
<b><u>14. AVALIACIÓN INICIAL.....</u></b>	<b>119</b>
<b><u>15. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....</u></b>	<b>119</b>
<b><u>16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</u></b>	<b>121</b>
<b><u>17-ACREDITACIÓN COÑECEMENTOS PREVIOS.....</u></b>	<b>121</b>
<b><u>18-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA</u></b>	
<b><u>DOCENTE.....</u></b>	<b>121</b>
<b><u>19-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN</u></b>	
<b><u>DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE</u></b>	
<b><u>MELLORA.....</u></b>	<b>121</b>
<b><u>20- COORDINACIÓN CON OUTROS DEPARTAMENTOS.....</u></b>	<b>122</b>
<b><u>20- RÚBRICAS.....</u></b>	<b>122</b>

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### INTRODUCCIÓN

A presente programación elaborase seguindo as directrices do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Física e a Química son ciencias que, deben formar parte integrante da formación de todo ser humano. Ademais da súa función instructiva, formativa, humanística e social, proporciona unha base imprescindible para comprender os avances da Tecnoloxía e disfrutar dos medios que esta pon o noso alcance.

Pretendemos que os alumnos e alumnas comprendan que a ciencia está constituída por un conxunto de principios, teorías e leis que nos axudan a comprender o medio que nos rodea, pero tamén polos procedementos utilizados para xerar, organizar e valorar estes coñecementos. Queremos conseguir que os estudantes aumenten o seu interese polas ciencias experimentais e desenvolvan a súa capacidade de observación, experimentación e análise dos fenómenos naturais

O obxectivo do Departamento de Física e Química durante o curso 2019-2020 é que os alumnos e alumnas acaden os conceptos básicos necesarios para a súa formación científica, e ademais contribuir ó seu desenvolvemento persoal no que se refire á súa capacidade de pensamento abstracto, curiosidade, creatividade e actitude crítica.

Procuraremos que o desenvolvemento dos contidos sexa o máis ameno e claro posible, de forma que a súa aprendizaxe resulte fácil para os estudantes, sen renunciar ó rigor que esixe calquera materia científica.

### CONTEXTUALIZACIÓN

O I.E.S. de Allariz é o único centro de enseñanza obrigatoria de Allariz e recibe alumnos do colexio C.P. Padre Feijoo (Allariz) e o C.P. Padre Crespo (Xunqueira de Ambía).

Para o curso 2019-2020 hai un total de 2 alumnos matriculados, distribuídos do seguinte xeito:

CURSO	N.º ALUMNOS
1º ESO	56
2º ESO	54
3º ESO	41
4º ESO	50
1º BACHARELATO	40
2º BACHARELATO	29

O número de alumnos, horas e profesoras que impartiran a materia do Departamento reflexase na seguinte táboa :

GRUPO	N.º ALUMNOS	PROFESORA
2º ESO A	27	SUSANA COUGIL
2º ESO B	27	SUSANA COUGIL
3º ESO A	20	ROSA MÉNDEZ CAMPOS
3º ESO B	21	ROSA MÉNDEZ CAMPOS
4º ESO A	14	ROSA MÉNDEZ CAMPOS
1º BACH	14	ROSA MÉNDEZ CAMPOS
FÍSICA 2º BACH	3	ROSA MÉNDEZ CAMPOS
QUÍMICA 2º BACH	12	ROSA MÉNDEZ CAMPOS

Celebraremos unha reunión ordinaria de Departamento todos os primeiros venres de cada mes horas e todas as extraordinarias que sexan necesarias en horario e data consensuado polos membros do Departamento.

## **2-OBXECTIVOS**

### **OBXECTIVOS XERAIS LOMCE**

#### **ESO**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio dedesenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circutancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres así como calquera manifestación de violencia contra a muller
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos coñecemento e da experiencia
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados co saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación
- o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito

## **BACHARELATO**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e á ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## OBXECTIVOS DA MATERIA DE FÍSICA E QUÍMICA

ESO	BACHARELATO
<p>As materia de Física e Química na etapa de Educaíón Secundaria obrigatoria terá como obxectivo que as alumnas e os alumnos desenvolvan as seguintes capacidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Empregar as leis principais da Física e da Química para interpretar os fenómenos naturais, así como para analizar e valorar o papel da ciencia como motor do desenvolvemento da tecnoloxía que contribúe a mellorara a vida das persoas</li> <li>-Coñecer e aplicar o método científico</li> <li>- Efectuar cálculos e facer deducións aplicando os procedementos utilizados habitualmente na Ciencia. Identificando problemas, formulando hipóteses e analizando os resultados obtidos.</li> <li>-Interpretar feitos e fenómenos naturais a partir da recollida de datos.</li> <li>-Recoñecer o material empregado no laboratorio de Física e de Química</li> <li>-Coñecer e respectar as normas de seguridade no laboratorio</li> <li>-Valorar a importancia de respectar as normas de eliminación de residuos.</li> <li>- Desenvolver actitudes de respecto polo medio ambiente, participando en iniciativas encamiñadas a conservalo e melloralo.</li> <li>-Buscar información de temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.</li> <li>-Desenvolver en grupo pequenos traballos de investigación nos que se aplique o método científico e a utilización das TIC. Valorando as aportacións propias e as alleas, mostrando unha actitude flexible e de colaboración e facendo a tarefa encomendada.</li> <li>-Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade</li> <li>-Recoñecer a importancia da Química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas.</li> <li>-Valorar a importancia da industria Química na sociedade e a súa influencia no ambiente.</li> <li>-Apreciar a importancia dos coñecementos aportados pola Ciencia, aplicando os valores do pensamento científico as actividades diarias e adoptando unha actitude crítica ante os problemas actuais da Sociedade.</li> <li>- Coñecer e valorar as aportacións das mulleres a Ciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Coñecer a terminoloxía científica e empregala de xeito habitual, aplicando diferentes modelos de representación: expresións matemáticas, gráficas, táboas, diagramas, etc.</li> <li>-Aplicar estratexias de investigación científica que lle permitan ao alumno/a desenvolver actitudes propias do pensamento científico como curiosidade, capacidade crítica, traballo sistemático e rigoroso, etc</li> <li>-Coñecer e comprender as leis, modelos e teorías das física e da química para permitirlle explicar os fenómenos naturais e poder aplicarlos a situacións cotiás</li> <li>- Coñecer e utilizar correctamente o material do laboratorio, respectando as normas de seguridade e aplicando un tratamento adecuado dos residuos xerados.</li> <li>- Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na interpretación e simulación de situacións, na obtención e tratamento de información datos e na elaboración e comunicación de conclusións,.</li> <li>-Coñecer as aportacións da Física e da Química ao desenvolvemento da Sociedade.Comprendendo as influencias da actividade científica sobre a Tecnoloxía e as repercusións sobre a natureza e a humanidade.</li> <li>-Valorar a importancia da industria Química na sociedade e a súa influencia no ambiente.</li> <li>-Valorar o papel das mulleres no desenvolvemento científico e tecnolóxico.</li> <li>-Obter unha formación científica básica que contribúa a xerar interese para desenvolver estudos posteriores máis específicos.</li> <li>-Recoñecer a importancia do coñecemento científico para a formación integral da persoa, así como para participar, como integrantes da cidadanía e, se é o caso, futuras científicas e futuros científicos, na necesaria toma de decisións fundamentadas sobre problemas tanto locais como globais.</li> <li>-Comprender as complexas interaccións actuais da física coa sociedade, o desenvolvemento tecnolóxico e o medio natural.</li> <li>-Valorar o coñecemento científico en evolución e revisión continua, que forma parte da cultura e enriquece a persoa.</li> </ul>



### 3- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A Física e a Química contribúe a adquisición por parte dos alumnos das competencias necesarias para acadar un desenvolvemento persoal pleno. Dotar aos alumnos de capacidades que lle permitan a realización adecuada de actividades e a resolución de distintos problemas.

As competencias que se traballaran fundamentalmente, ao longo do curso seran as seguintes:

COMPETENCIA	CONTRIBUCIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
<b>-Comunicación lingüística (CCL).</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>--Interpretación de problemas</li> <li>- Analise de feitos e interpretación de novas situacións empregando a terminoloxía específica das ciencias</li> <li>-Elaboración e exposición de traballos</li> <li>-Redacción memoria de prácticas</li> <li>-Elaboración de resúmenes, esquemas, mapas conceptuais, etc</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Observación directa.</li> <li>-Probas escritas</li> <li>-Traballos</li> </ul>
<b>-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Aplicación de estratexias para resolver problemas</li> <li>- Deseño de experiencias e analise de resultados</li> <li>-Emprego da linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos e expresar datos</li> <li>-Elaboración e interpretación de gráficas</li> <li>-Utilización da notación científica para expresar datos</li> <li>-Analise e valoración do avance científico e tecnolóxico</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Observación directa.</li> <li>-Probas escritas4</li> </ul>
<b>-Competencia dixital (CD).</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Búsqueda e selección de información</li> <li>-Presentación de traballos</li> <li>-Simulación e visualización de situacións</li> <li>-Publicación de traballos</li> <li>- Consulta de datos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Traballos</li> <li>-Observación directa.</li> </ul>
<b>-Aprender a aprender (CAA)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Aplicación método científico para que o alumno sexa capaz de estruturar a información que recibe na súa vida diaria</li> <li>-Relación dos contidos e os procedementos coa realidade que nos rodea. Estes coñecementos deben servirle para analizar as informacións que recibe na súa vida diaria.</li> <li>-Potenciación da curiosidade e o interese por aprender. Premiado ao alumno que desenvolva estratexias para aprender.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Observación directa.</li> <li>-Probas escritas</li> <li>-Traballos</li> </ul>

	-Responsabilizar ao alumno do seu aprendizaxe	
<b>- Competencias sociais e cívicas (CSC)</b>	<p>-Traballo en grupo fomentando a solidariedade, a cooperación e o respecto ás opinións dos demais.</p> <p>-Charlas e debates sobre os posibles riscos, para as persoas e o medioambiente, da ciencia e a tecnoloxía, permitindo formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre o avance científico e tecnolóxico.</p> <p>-----Reflexións críticas e creativas para resolver problemas que afecten o entorno escolar.</p>	<p>-Observación directa.</p> <p>-Probas escritas</p> <p>-Traballos</p>
<b>-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</b>	<p>-Obtención de conclusións a partir dunha hipótese</p> <p>- Revisión dos resultados obtidos, reflexionando sobre a metodoloxía empregada.</p> <p>-Fomento da iniciativa persoal e a motivación por un traballo ben feito e con iniciativas propias</p>	<p>-Observación directa.</p> <p>-Probas escritas</p> <p>-Traballos</p>
<b>-Conciencia e expresións culturais (CCEC)</b>	<p>-Promoción e presentación dos traballos en formatos diversos</p> <p>-Valoración da presentación dos cadernos, memorias de prácticas, traballos,etc.</p>	-Traballos

#### 4-METODOLOXÍA

Debemos ter en conta o carácter experimental destas disciplinas. Polo tanto pretendemos que a ensinanza sexa deductiva e razoada. Debemos pois insistir nas aplicacións prácticas da ciencia e relacionar sempre os conceptos teóricos coa vida real do alumno.

Esto conseguíremolo:

- Mediante a resolución de cuestións e problemas.Obteremos deste xeito información sobre o proceso de aprendizaxe, ao mesmo tempo que obrigan ao alumno a pensar, reflexionar e aplicar os coñecementos a novas situacións. Estas actividades traballaranse individualmente ou en pequenos grupos.

- Realización de prácticas de laboratorio que ademáis de fixar os coñecementos adquiridos na exposición teórica, axudarán ao alumno a adquirir unha serie de capacidades manipulativas e tomaran contacto co traballo científico. Faranse en grupos e os alumnos deberán elaborar unha memoria final individual coa correspondente recollida de datos e análise de resultados e resolución de cuestións.

-Elaboración de traballos e actividades TIC complementarios de aplicación ou indagación, posibilitarán o engarzamento dos novos coñecementos cos que xa posúe. Faranse individualmente ou en grupo segundo se considere oportuno. Informaráselle en que data deberán telas realizadas e será entón cando fagan unha exposición na clase e se entregue o traballo ao profesor ou á profesora.

-Celebración de debates que fomenten a participación de todos os alumnos e de todas as alumnas, tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e as características individuais.

## 5-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Entre os recursos (material didáctico, bibliográfico e instrumental) que se utilizarán ao longo do curso podemos citar:

-Libro de texto

CURSO	EDITORIAL	ISBN
2º ESO	OXFORD	978-01-905-0242-3 978-01-905-0243-0
3º ESO	OXFORD	978-84-673-9831-1 978-84-673-9833-5
4º ESO	OXFORD	978-01-905-0252-2 978-01-905-0253-9
1º BACHARELATO	ANAYA	978-84-678-2717--0
2º BACHARELATO	-FÍSICA OXFORD QUÍMICA BAÍA EDICIÓN	978-01-905-0258-4 978-84-9995-196-6

- Ordenador de aula e pantalla
- Material de laboratorio diverso
- Páxinas Web relacionadas co tema a tratar
- Caderno de clase
- Revistas científicas.
- Prensa diaria.
- Calculadora científica e non programable
- Realización de visitas a industrias, museos, exposicións,etc
- Aula virtual

## 6. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Somos conscientes que non todo o alumnado aprende o mesmo ritmo nin as mesmas cousas. Polo tanto debemos dar resposta as distintas motivacións, estilos de aprendizaxe e capacidades adoptando as medidas oportunas.

Debido a complexidade da materia a atención a diversidade é moi importante para conseguir que os alumnos acaden os obxectivos propostos.

Esta atención a diversidade debemos tela en conta na programación de contidos e na programación de actividades. A continuación enumeramos as actuacións propostas para atender as diversidade de alumnado.

MEDIDAS ESO	MEDIDAS BACHARELATO
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Clasificar os contidos en básicos e complementarios</li> <li>-Realización de actividades con distinto grado de dificultade para atender os diferentes alumnos. O profesor poderá asignar as actividades en función das características individuais dos alumnos no grupo de clase</li> <li>- Actividades de reforzo para os alumnos con maiores dificultades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Actividades de reforzo para os alumnos con maiores dificultades</li> <li>- Actividades de ampliación para alumnos con motivacións, intereses e capacidades maiores cas do resto do grupo</li> <li>-Formar grupos de traballo heteroxéneos fomentando a colaboración entre os alumnos.</li> <li>-Actividades TIC que poden utilizarse como</li> </ul>

<p>- Actividades de ampliación para alumnos con motivacións, intereses e capacidades maiores cas do resto do grupo</p> <p>-Formar grupos de traballo heteroxéneos fomentando a colaboración entre os alumnos.</p> <p>-Actividades TIC que poden utilizarse como alternativa ó material didáctico tradicional para que os alumnos con menor capacidade ou interés se beneficien das vantaxes educativas da tecnoloxía . Ao mesmo tempo, estas actividades permiten aos alumnos máis aventaxados profundizar nas investigacións e indagacións propostas.</p> <p>-No caso de que tivéssemos alumnos con necesidades educativas especiais sería necesario facer unha adaptación curricular individualizada</p>	<p>alternativa ó material didáctico tradicional para que os alumnos con menor capacidade ou interés se beneficien das vantaxes educativas da tecnoloxía . Ao mesmo tempo, estas actividades permiten aos alumnos máis aventaxados profundizar nas investigacións e indagacións propostas.</p>
--	---

## 7- FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO

<b>ASIGNATURA:</b>	FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO
<b>PROFESORA</b>	SUSANA COUGIL GONZÁLEZ

### 7.1-OBXECTIVOS.CONTIDOS. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Método científico: etapas.</li> <li>▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.</li> <li>▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.</li> <li>▪ FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Traballo no laboratorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Recoñecer os materiais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.4.1. Recoñece e identifica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

		e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Procura e tratamento de información.</li> <li>▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.</li> <li>▪ FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Método científico: etapas.</li> <li>▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.</li> <li>▪ B1.5. Traballo no laboratorio.</li> <li>▪ B1.6. Proxecto de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.</li> <li>▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 2. A materia				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Propiedades da materia.</li> <li>▪ B2.2. Aplicacións dos materiais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.</li> <li>▪ FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.</li> <li>▪ FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.</li> <li>▪ FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.</li> <li>▪ FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.</li> <li>▪ FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Leis dos gases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

		depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.	<p>modelo cinético-molecular.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>
f	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Substancias puras e mesturas.</li> <li>B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.</li> </ul>	B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	CMCCT
			FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	CMCCT
			FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> </ul>
f	B2.7. Métodos de separación de mesturas.	B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio.	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> </ul>
Bloque 3. Os cambios				
f h	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Cambios físicos e cambios químicos.</li> <li>B3.2. Reacción química.</li> </ul>	B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.	FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	CMCCT
			FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> </ul>
			FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	CMCCT
f	B3.2. Reacción química.	B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	CMCCT
f m	B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	B3.3. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas.	FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	CMCCT
			FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>
f m	B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.	FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
Bloque 4. O movemento e as forzas				
f	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Forzas: efectos.</li> <li>B4.2. Medida das forzas.</li> </ul>	B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións.	FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	CMCCT
			FQB4.1.2. Establece a relación	CMCCT

			entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Velocidade media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Velocidade media.</li> <li>B4.5. Velocidade instantánea e aceleración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.6. Máquinas simples.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.7. O rozamento e os seus efectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.8. Forza gravitatoria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.6. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.9. Estrutura do Universo.</li> <li>B4.10. Velocidade da luz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.7. Identificar os niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulos de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Forzas: efectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.8. Recoñecer os fenómenos da natureza</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.8. Forza gravitatoria.</li> </ul>	<p>asociados á forza gravitatoria.</p>	<p>información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 5. Enerxía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Enerxía: unidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
i	B4.1. Estudo de funcións orgánicas.	B4.1. Recoñecer os compostos orgánicos, segundo a función que os caracteriza.	QUB4.1.1. Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas.	CMCCT
i	B4.2. Nomenclatura e formulación orgánica segundo as normas da IUPAC. B4.3. Funcións orgánicas de interese: osixenadas e nitroxenadas, derivados haloxenados, tiois e perácidos. Compostos orgánicos polifuncionais.	B4.2. Formular compostos orgánicos sinxelos con varias funcións.	QUB4.2.1. Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais.	CMCCT
i	B4.4. Tipos de isomería.	B4.3. Representar isómeros a partir dunha fórmula molecular dada.	QUB4.3.1. Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.	CMCCT
i	B4.5. Tipos de reaccións orgánicas.	B4.4. Identificar os principais tipos de reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox.	QUB4.4.1. Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.	CMCCT
i	B4.5. Tipos de reaccións orgánicas.	B4.5. Escribir e axustar reaccións de obtención ou transformación de compostos	QUB4.5.1. Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un	CMCCT

		orgánicos en función do grupo funcional presente.	compuesto orgánico determinado a partir de outro con distinto grupo funcional, aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros.	
b i l	B4.6. Importancia da química do carbono no desenvolvemento da sociedade do benestar. B4.7. Principais compostos orgánicos de interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos.	B4.6. Valorar a importancia da química orgánica vinculada a outras áreas de coñecemento e ao interese social.	QUB4.6.1. Relaciona os grupos funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico.	CMCCT CSC
i	B4.8. Macromoléculas.	B4.7. Determinar as características máis importantes das macromoléculas.	QUB4.7.1. Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética.	CMCCT
i	B4.9. Polímeros.	B4.8. Representar a fórmula dun polímero a partir dos seus monómeros, e viceversa.	QUB4.8.1. A partir dun monómero, deseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo lugar.	CMCCT
i l	B4.10. Reaccións de polimerización. B4.11. Polímeros de orixe natural e sintética: propiedades.	B4.9. Describir os mecanismos máis sinxelos de polimerización e as propiedades dalgúns dos principais polímeros de interese industrial.	QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.	CMCCT
b i l	B4.7. Principais compostos orgánicos de interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos.	B4.10. Coñecer as propiedades e a obtención dalgúns compostos de interese en biomedicina e, en xeral, nas ramas da industria.	QUB4.10.1. Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.	CMCCT CSC
b i l	B4.12. Fabricación de materiais plásticos e as súas transformacións: impacto ambiental.	B4.11. Distinguir as principais aplicacións dos materiais polímeros, segundo a súa utilización en distintos ámbitos.	QUB4.11.1. Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan.	CMCCT CSC
b i l	B4.6. Importancia da química do carbono no desenvolvemento da sociedade do benestar.	B4.12. Valorar a utilización das substancias orgánicas no desenvolvemento da sociedade actual e os problemas ambientais que se poden derivar.	QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.	CCEC CMCCT CSC

## 12.2-TEMPORALIZACIÓN E CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Na táboa que segue recóllese a temporalización por avaliacións dos distintos estándares avaliáveis e a súa vinculación cos criterios de avaliación, ademais do grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia e os instrumentos de avaliación

AVALIACIÓN	CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	INTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1. <sup>a</sup>	B1.2. Aplicar a prevención de riscos no	QUB1.2.1. Utiliza o material e os instrumentos de laboratorio empregando	Manipula con coidado o material de laboratorio e	RÚBRICA L

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2.<sup>a</sup></li> <li>▪ 3.<sup>a</sup></li> </ul>	laboratorio de química e coñecer a importancia dos fenómenos químicos e as súas aplicacións ás persoas e á sociedade.	as normas de seguridade adecuadas para a realización de experiencias químicas	cumple as normas de seguridade que se lle recomentan	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1.<sup>a</sup></li> <li>▪ 2.<sup>a</sup></li> <li>▪ 3.<sup>a</sup></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Empregar axeitadamente as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, o manexo de aplicacións de simulación de probas de laboratorio, a obtención de datos e a elaboración de informes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB1.3.1. Elabora información e relaciona os coñecementos químicos aprendidos con fenómenos da natureza e as posibles aplicacións e consecuencias na sociedade actual.</li> </ul>	Elabora información e relaciónaa de maneira incorrecta pero válida con situacións cotiás	RÚBRICA TIC
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB1.3.2. Localiza e utiliza aplicacións e programas de simulación de prácticas de laboratorio.</li> </ul>	Emprega programas de simulación de prácticas	RÚBRICA L
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB1.3.3. Realiza e defende un traballo de investigación utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	Elabora e defende de maneira incompleta pero válida un proxecto de investigación empregando as TIC	RÚBRICA TIC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1.<sup>a</sup></li> <li>▪ 2.<sup>a</sup></li> <li>▪ 3.<sup>a</sup></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Deseñar, elaborar, comunicar e defender informes de carácter científico, realizando unha investigación baseada na práctica experimental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB1.4.1. Analiza a información obtida principalmente a través da internet, identificando as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica.</li> </ul>	Analiza de maneira incompleta pero válida a información obtida	RÚBRICA TIC
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB1.4.2. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nunha fonte de información de divulgación científica e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.</li> </ul>	Selecciona e interpreta de forma incompleta pero válida a información obtida e transmite as conclusións.	RÚBRICA TIC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3.<sup>a</sup> TEMA1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Analizar cronoloxicamente os modelos atómicos até chegar ao modelo actual, discutindo as súas limitacións e a necesidade dun novo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB2.1.1. Explica as limitacións dos distintos modelos atómicos en relación cos feitos experimentais que levan asociados.</li> </ul>	Explica de forma incompleta pero válida as limitacións dos distintos modelos atómicos	PROBA ESCRITA TEMA 1
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB2.1.2. Calcula o valor enerxético correspondente a unha transición electrónica entre dous niveis dados, en relación coa interpretación dos espectros atómicos.</li> </ul>	Calcula correctamente a enerxía correspondente a unha transición electrónica	PROBA ESCRITA TEMA 1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3.<sup>a</sup> TEMA1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Recoñecer a importancia da teoría mecanocuántica para o coñecemento do átomo.</li> </ul>	QUB2.2.1. Diferenza o significado dos números cuánticos segundo Bohr e a teoría mecanocuántica que define o modelo atómico actual, en relación co concepto de órbita e orbital.	Coñece o significado dos números cuánticos e os postulados do modelo mecanocuántico	PROBA ESCRITA TEMA 1
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB2.3.1. Determina lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento para xustificar o comportamento ondulatorio dos electróns.</li> </ul>	Calcula a lonxitude de onda asociada a un corpo en movemento e xustifica de maneira incompleta pero válida o comportamento ondulatorio dos electróns	PROBA ESCRITA TEMA 1
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB2.3.2. Xustifica o carácter probabilístico do estudo de partículas atómicas a partir do principio de indeterminación de Heisenberg.</li> </ul>	Coñece o principio de indeterminación de Heisenberg e interpreta de maneira incompleta pero válida	PROBA ESCRITA TEMA 1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3.<sup>a</sup> TEMA1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Explicar os conceptos básicos da mecánica cuántica: dualidade onda-corpúsculo e incerteza.</li> </ul>	QUB2.4.1. Coñece as partículas subatómicas e os tipos de quarks presentes na natureza íntima da materia e na orixe primixenia do Universo, explicando as características e a súa clasificación.	Coñece de maneira incompleta pero válida as distintas partículas subatómicas e a súa clasificación	RÚBRICA TIC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3.<sup>a</sup> TEMA1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Establecer a configuración electrónica de un átomo en relación coa súa posición na táboa periódica.</li> </ul>	QUB2.5.1. Determina a configuración electrónica de un átomo, coñecendo a súa posición na táboa periódica e os números cuánticos posibles do electrón diferenciador.	Escrebe correctamente a configuración electrónica dun átomo a partir da súa situación no sistema periódico	PROBA ESCRITA TEMA 1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3.<sup>a</sup> TEMA1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Identificar os números cuánticos para un electrón segundo no</li> </ul>	QUB2.6.1. Xustifica a reactividade de un elemento a partir da estrutura electrónica ou a súa posición na táboa periódica.	Xustifica de forma incompleta pero válida a reactividade dun elemento	PROBA ESCRITA TEMA 1



	orbital en que se atope.		analizando a súa estrutura electrónica	
3. <sup>a</sup> TEMA1	B2.7. Coñecer a estrutura básica do sistema periódico actual, definir as propiedades periódicas estudadas e describir a súa variación ao longo de un grupo ou período.	QUB2.7.1. Argumenta a variación do raio atómico, potencial de ionización, afinidade electrónica e electronegatividade en grupos e períodos, comparando as devanditas propiedades para elementos diferentes.	Analiza de forma incompleta pero válida a variación das propiedades periódicas ao longo dun grupo e o longo dun período	PROBA ESCRITA TEMA 1
3. <sup>a</sup> TEMA2	B2.8. Utilizar o modelo de enlace correspondente para explicar a formación de moléculas, de cristais e de estruturas macroscópicas e deducir as súas propiedades.	QUB2.8.1. Xustifica a estabilidade das moléculas ou dos cristais formados empregando a regra do octeto ou baseándose nas interaccións dos electróns da capa de valencia para a formación dos enlaces.	Explica de maneira incompleta pero válida formación das moléculas e cristais empregando o modelo de enlace	PROBA ESCRITA TEMA 2
3. <sup>a</sup> TEMA2	B2.9. Construír ciclos enerxéticos do tipo Born-Haber para calcular a enerxía de rede, analizando de forma cualitativa a variación de enerxía de rede en diferentes compostos.	QUB2.9.1. Aplica o ciclo de Born-Haber para o cálculo da enerxía reticular de cristais iónicos.	Comprende o ciclo de Born-Haber e aplica correctamente	PROBA ESCRITA TEMA 2
		QUB2.9.2. Compara a fortaleza do enlace en distintos compostos iónicos aplicando a fórmula de Born-Landé para considerar os factores dos que depende a enerxía reticular.	Coñece a fórmula de Born-Landé e analiza de forma incompleta pero válida os factores dos que depende a enerxía reticular	PROBA ESCRITA TEMA 2
3. <sup>a</sup> TEMA2	B2.10. Describir as características básicas do enlace covalente empregando diagramas de Lewis e utilizar a TEV para a súa descrición máis complexa.	QUB2.10.1. Determina a polaridade de unha molécula utilizando o modelo ou a teoría máis axeitados para explicar a súa xeometría.	Analiza con algún erro a polaridade das moléculas a partir da súa xeometría	PROBA ESCRITA TEMA 2
		QUB2.10.2. Representa a xeometría molecular de distintas substancias covalentes aplicando a TEV e a TRPECV.	Xustifica razoadamente a xeometría molecular empregando a TEV e a TRPECV	PROBA ESCRITA TEMA 2
3. <sup>a</sup> TEMA2	B2.11. Empregar a teoría da hibridación para explicar o enlace covalente e a xeometría de distintas moléculas.	QUB2.11.1. Dálles sentido aos parámetros moleculares en compostos covalentes utilizando a teoría de hibridación para compostos inorgánicos e orgánicos.	Coñece a teoría da hibridación e aplica parcialmente para explicar os compostos covalentes.	PROBA ESCRITA TEMA 2
3. <sup>a</sup> TEMA2	B2.12. Coñecer as propiedades dos metais empregando as diferentes teorías estudadas para a formación do enlace metálico.	QUB2.12.1. Explica a condutividade eléctrica e térmica mediante o modelo do gas electrónico, aplicándoo tamén a substancias semiconductoras e superconductoras.	Explica de maneira incompleta pero válida a condutividade eléctrica dos metais	PROBA ESCRITA TEMA 2
3. <sup>a</sup> TEMA2	B2.13. Explicar a posible condutividade eléctrica de un metal empregando a teoría de bandas.	QUB2.13.1. Describe o comportamento dun elemento como illante, condutor ou semiconductor eléctrico, utilizando a teoría de bandas.	Describe de maneira incompleta pero válida a condutividade dun metal empregando a teoría de bandas	PROBA ESCRITA TEMA 2
		QUB2.13.2. Coñece e explica algunhas aplicacións dos semicondutores e supercondutores, e analiza a súa repercusión no avance tecnolóxico da sociedade.	Coñece de maneira incompleta pero válida as aplicacións dos semicondutores e supercondutores	RÚBRICA TIC
3. <sup>a</sup> TEMA2	B2.14. Recoñecer os tipos de forzas intermoleculares e explicar como afectan as propiedades de determinados compostos en casos concretos.	QUB2.14.1. Xustifica a influencia das forzas intermoleculares para explicar como varían as propiedades específicas de diversas substancias en función das devanditas interaccións.	Recoñece as forzas intermoleculares e sabe relacionalas con algunhas das súas propiedades	PROBA ESCRITA TEMA 2
3. <sup>a</sup> TEMA2	B2.15. Diferenciar as forzas intramoleculares das intermoleculares en compostos iónicos ou covalentes.	QUB2.15.1. Compara a enerxía dos enlaces intramoleculares en relación coa enerxía correspondente ás forzas intermoleculares, xustificando o comportamento fisicoquímico das moléculas.	Diferencia claramente forzas intermoleculares de forzas intramoleculares	PROBA ESCRITA TEMA 2
1. <sup>a</sup> TEMA3	B3.1. Definir velocidade de unha reacción e	QUB3.1.1. Obtén ecuacións cinéticas reflectindo as unidades das magnitudes que	Obtén con algúns erros as ecuacións cinéticas dunha	PROBA ESCRITA TEMA 3

	aplicar a teoría das colisións e do estado de transición utilizando o concepto de enerxía de activación.	interveñen.	reacción química	
1. <sup>a</sup> TEMA3	B3.2. Xustificar como a natureza e a concentración dos reactivos, a temperatura e a presenza de catalizadores modifican a velocidade de reacción.	QUB3.2.1. Predí a influencia dos factores que modifican a velocidade de unha reacción.	Predí de maneira incompleta pero válida a influencia dos factores que modifican a velocidade de reacción	PROBA ESCRITA TEMA 3
		QUB3.2.2. Explica o funcionamento dos catalizadores en relación con procesos industriais e a catálise encimática, analizando a súa repercusión no medio e na saúde.	Explica de maneira incompleta pero válida o funcionamento dos catalizadores, analizando a súa repercusión no medio e na saúde	RÚBRICA TIC
1. <sup>a</sup> TEMA3	B3.3. Coñecer que a velocidade de unha reacción química depende da etapa limitante segundo o seu mecanismo de reacción establecido.	QUB3.3.1. Deducir o proceso de control da velocidade de unha reacción química identificando a etapa limitante correspondente ao seu mecanismo de reacción.		PROBA ESCRITA TEMA 3
1. <sup>a</sup> TEMA4	B3.4. Aplicar o concepto de equilibrio químico para predicir a evolución de un sistema.	QUB3.4.1. Interpreta o valor do cociente de reacción comparándoo coa constante de equilibrio, previndo a evolución de unha reacción para alcanzar o equilibrio.	Calcula o cociente de reacción e predice o sentido de evolución dun sistema	PROBA ESCRITA TEMA 4
		QUB3.4.2. Comproba e interpreta experiencias de laboratorio onde se poñen de manifesto os factores que inflúen no desprazamento do equilibrio químico, en equilibrios homoxéneos e heteroxéneos.	Interpreta de forma incompleta pero válida experiencias de laboratorio onde se poñen de manifesto os factores que inflúen no desprazamento do equilibrio químico	RÚBRICA L
1. <sup>a</sup> TEMA4	B3.5. Expresar matematicamente a constante de equilibrio dun proceso no que interveñen gases, en función da concentración e das presións parciais.	QUB3.5.1. Acha o valor das constantes de equilibrio, $K_c$ e $K_p$ , para un equilibrio en diferentes situacións de presión, volume ou concentración.	Calcula constantes de equilibrio en diferentes situacións	PROBA ESCRITA TEMA 4
		QUB3.5.2. Calcula as concentracións ou presións parciais das substancias presentes en un equilibrio químico empregando a lei de acción de masas e deduce como evoluciona o equilibrio ao variar a cantidade de produto ou reactivo.	Fai os cálculos correctamente	PROBA ESCRITA TEMA 4
1. <sup>a</sup> TEMA4	B3.6. Relacionar $K_c$ e $K_p$ en equilibrios con gases, interpretando o seu significado, e resolver problemas de equilibrios homoxéneos en reaccións gasosas.	QUB3.6.1. Utiliza o grao de disociación aplicándoo ao cálculo de concentracións e constantes de equilibrio $K_c$ e $K_p$ .	Fai os cálculos correctamente	PROBA ESCRITA TEMA 4
1. <sup>a</sup> TEMA4	B3.7. Resolver problemas de equilibrios heteroxéneos, con especial atención aos de disolución-precipitación.	QUB3.7.1. Relaciona a solubilidade e o produto de solubilidade aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido e aplicación experimentalmente como método de separación e identificación de mesturas de sales disolvidos.	Fai os cálculos corectamente	PROBA ESCRITA TEMA 4 RÚBRICA L
1. <sup>a</sup> TEMA4	B3.8. Aplicar o principio de Le Chatelier a distintos tipos de reaccións tendo en conta o efecto da temperatura, a presión, o volume e a concentración das substancias presentes, predicindo a evolución do sistema.	QUB3.8.1. Aplica o principio de Le Chatelier para predicir a evolución de un sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, a presión, o volume ou a concentración que o definen, utilizando como exemplo a obtención industrial do amoniaco.	Aplica correctamente o principio de Le Chatelier	PROBA ESCRITA TEMA 4
1. <sup>a</sup> TEMA4	B3.9. Valorar a importancia do principio de Le Chatelier en diversos procesos industriais.	QUB3.9.1. Analiza os factores cinéticos e termodinámicos que inflúen nas velocidades de reacción e na evolución dos equilibrios para optimizar a obtención de compostos de interese industrial, como por exemplo o amoniaco.	Analiza de forma incompleta pero válida a importancia industrial do principio de Le Chatelier	RÚBRICA TIC
1. <sup>a</sup>	B3.10. Explicar como	QUB3.10.1. Calcula a solubilidade de un sal	Fai correctamente os	PROBA ESCRITA

TEMA4	varía a solubilidade de un sal polo efecto de un ión común.	interpretando como se modifica ao engadir un ión común e verifícao experimentalmente nalgúns casos concretos.	cálculos e interpreta o efecto do ión común	TEMA 4 RÚBRICA L
2. <sup>a</sup> TEMA5	B3.11. Aplicar a teoría de Brönsted para recoñecer as substancias que poden actuar como ácidos ou bases.	QUB3.11.1. Xustifica o comportamento ácido ou básico de un composto aplicando a teoría de Brönsted-Lowry dos pares de ácido-base conxugados.	Coñece a teoría de Brönsted-Lowry	PROBA ESCRITA TEMA 5
2. <sup>a</sup> TEMA5	B3.12. Determinar o valor do pH de distintos tipos de ácidos e bases.	QUB3.12.1. Identifica o carácter ácido, básico ou neutro, e a fortaleza ácido-base de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolvido nelas e determina teoricamente e experimentalmente o valor do pH destas.	Identifica o carácter ácido básico ou neutro dunha disolución relacionandoo co pH	PROBA ESCRITA TEMA 5 RÚBRICA L
2. <sup>a</sup> TEMA5	B3.13. Explicar as reaccións ácido-base e a importancia dalgunha delas, así como as súas aplicacións prácticas.	QUB3.13.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría ácido-base de unha disolución de concentración descoñecida, realizando os cálculos necesarios.	Describe de maneira incompleta pero válida unha volumetría ácido-base	RÚBRICA L
2. <sup>a</sup> TEMA5	B3.14. Xustificar o pH resultante na hidrólise de un sal.	QUB3.14.1. Predí o comportamento ácido-base de un sal disolto en auga aplicando o concepto de hidrólise e escribe os procesos intermedios e os equilibrios que teñen lugar.	Identifica o pH da disolución dun sal .	PROBA ESCRITA TEMA 5
2. <sup>a</sup> TEMA5	B3.15. Utilizar os cálculos estequiométricos necesarios para levar a cabo unha reacción de neutralización ou volumetría ácido-base.	QUB3.15.1. Determina a concentración de un ácido ou unha base valorándoa con outra de concentración coñecida, establecendo o punto de equivalencia da neutralización mediante o emprego de indicadores ácido-base (faino no laboratorio no caso de ácidos e bases fortes).	Realiza a práctica no laboratorio e obtén un valor	RÚBRICA L
2. <sup>a</sup> TEMA5	B3.16. Coñecer as aplicacións dos ácidos e das bases na vida cotiá (produtos de limpeza, cosmética etc.).	QUB3.16.1. Recoñece a acción dalgúns produtos de uso cotián como consecuencia do seu comportamento químico ácido-base.	Recoñece de forma incompleta pero válida a acción dalgúns produtos de uso cotián	RÚBRICA TIC
2. <sup>a</sup> TEMA6	B3.17. Determinar o número de oxidación de un elemento químico identificando se se oxida ou reduce en unha reacción química.	QUB3.17.1. Define oxidación e redución en relación coa variación do número de oxidación de un átomo en substancias oxidantes e reductoras.	Coñece o concepto de oxidación e redución	PROBA ESCRITA TEMA 6
2. <sup>a</sup> TEMA6	B3.18. Axustar reaccións de oxidación-redución utilizando o método do ión-electrón e facer os cálculos estequiométricos correspondentes.	QUB3.18.1. Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.	Sabe identificar unha reacción de oxidación-redución analizando os números de oxidación	PROBA ESCRITA TEMA 6
2. <sup>a</sup> TEMA6	B3.19. Comprender o significado de potencial estándar de redución de un par redox, utilizándoo para predicir a espontaneidade de un proceso entre dous pares redox.	QUB3.19.1. Relaciona a espontaneidade de un proceso redox coa variación de enerxía de Gibbs, considerando o valor da forza electromotriz obtida.	Sabe calcular a enerxía de Gibbs e relacionala coa espontaneidade	PROBA ESCRITA TEMA 6
		QUB3.19.2. Deseña unha pila coñecendo os potenciais estándar de redución, utilizándoos para calcular o potencial xerado formulando as semirreaccións redox correspondentes, e constrúe unha pila Daniell.	Constrúe a pila de Daniell e fai exercicios teóricos de deseño doutras pilas	PROBA ESCRITA TEMA 6 RÚBRICA L
		QUB3.19.3. Analiza un proceso de oxidación-redución coa xeración de corrente eléctrica representando unha célula galvánica.	Analiza parcialmente un proceso de oxidación-redución coa xeración de corrente eléctrica representando unha célula galvánica.	PROBA ESCRITA TEMA 6
2. <sup>a</sup> TEMA6	B3.20. Realizar cálculos estequiométricos necesarios para aplicar ás volumetrías redox.	QUB3.20.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría redox, realizando os cálculos estequiométricos correspondentes.	Describe parcialmente o procedemento para realizar unha volumetría redox, realizando os cálculos estequiométricos correspondentes.	RÚBRICA L
2. <sup>a</sup> TEMA6	B3.21. Determinar a cantidade de substancia depositada nos eléctrodos de unha cuba electrolítica empregando as leis de Faraday.	QUB3.21.1. Aplica as leis de Faraday a un proceso electrolítico determinando a cantidade de materia depositada en un eléctrodo ou o tempo que tarda en facelo e compróbo experimentalmente nalgún proceso dado.	Fai correctamente os cálculos	PROBA ESCRITA TEMA 6 RÚBRICA L
2. <sup>a</sup> TEMA6	B3.22. Coñecer algunhas das aplicacións da electrólise como a prevención da corrosión, a fabricación de pilas de	QUB3.22.1. Representa os procesos que teñen lugar en unha pila de combustible, escribindo as semirreaccións redox e indicando as vantaxes e os inconvenientes do uso destas pilas fronte ás convencionais.	Coñece de maneira incompleta pero válida en que consiste unha pila de combustible	RÚBRICA TIC

	distintos tipos (galvánicas, alcalinas e de combustible) e a obtención de elementos puros.	QUB3.22.2. Xustifica as vantaxes da anodización e a galvanoplastia na protección de obxectos metálicos.	Xustifica de maneira incompleta pero válida as vantaxes da anodización e a galvanoplastia na protección de obxectos metálicos	RÚBRICA TIC
3. <sup>a</sup> TEMA7	B4.1. Recoñecer os compostos orgánicos, segundo a función que os caracteriza.	QUB4.1.1. Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas.	Identifica o tipo de hibridación que presenta o carbono nos distintos tipos de enlace	PROBA ESCRITA TEMA 7
3. <sup>a</sup> TEMA7	B4.2. Formular compostos orgánicos sinxelos con varias funcións.	QUB4.2.1. Diferenza, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais.	Recoñece os distintos grupos funcionais que presenta unha molécula orgánica e sabe cal é o grupo prioritario.	PROBA ESCRITA TEMA 7
3. <sup>a</sup> TEMA7	B4.3. Representar isómeros a partir de unha fórmula molecular dada.	QUB4.3.1. Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.	Distingue os tipos de isomería e sabe formular e nomear algúns	PROBA ESCRITA TEMA 7
3. <sup>a</sup> TEMA7	B4.4. Identificar os principais tipos de reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox.	QUB4.4.1. Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.	Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas predicindo de maneira incompleta pero válida os produtos obtidos	PROBA ESCRITA TEMA 7
3. <sup>a</sup> TEMA7	B4.5. Escribir e axustar reaccións de obtención ou transformación de compostos orgánicos en función do grupo funcional presente.	QUB4.5.1. Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir doutro con distinto grupo funcional, aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros.	Aplica a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros de maneira incompleta.	PROBA ESCRITA TEMA 7
3. <sup>a</sup> TEMA7	B4.6. Valorar a importancia da química orgánica vinculada a outras áreas de coñecemento e ao interese social.	QUB4.6.1. Relaciona os grupos funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico.	Relaciona de maneira incompleta pero válida os grupos funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico	RÚBRICA TIC
3. <sup>a</sup> TEMA7	B4.7. Determinar as características máis importantes das macromoléculas.	QUB4.7.1. Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética.	Recoñece algunhas macromoléculas de orixe natural e sintética.	RÚBRICA TIC
3. <sup>a</sup> TEMA7	B4.8. Representar a fórmula de un polímero a partir dos seus monómeros, e viceversa.	QUB4.8.1. A partir de un monómero, deseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo lugar.	A partir de un monómero, deseña o polímero correspondente	RÚBRICA L
3. <sup>a</sup> TEMA7	B4.9. Describir os mecanismos máis sinxelos de polimerización e as propiedades dalgúns dos principais polímeros de interese industrial.	QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.	Utiliza algunhas reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial.	RÚBRICA TIC
3. <sup>a</sup> TEMA7	B4.10. Coñecer as propiedades e a obtención dalgúns compostos de interese en biomedicina e, en xeral, nas ramas da industria.	QUB4.10.1. Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.	Identifica algunhas substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais.	RÚBRICA TIC
3. <sup>a</sup> TEMA7	B4.11. Distinguir as principais aplicacións dos materiais polímeros, segundo a súa utilización en distintos ámbitos.	QUB4.11.1. Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan.	Describe parcialmente as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico	RÚBRICA TIC
3. <sup>a</sup> TEMA7	B4.12. Valorar a utilización das substancias orgánicas no desenvolvemento da sociedade actual e os problemas ambientais que se poden derivar.	QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.	Recoñece as a maior parte das utilidades que os compostos orgánicos teñen	RÚBRICA TIC

## TEMPORALIZACIÓN

A seguinte temporalización pode sufrir atrasos ou alteracións por diversas causas . Nese caso o Departamento procederá a modificar a programación anotando as correspondentes variacións no Libro de Actas .

AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS	DATA EXAMEN
PRIMEIRA	TEMA 0: CÁLCULOS NUMÉRICOS ELEMENTAIS EN QUÍMICA	09-10
	TEMA 3: CINÉTICA QUÍMICA	06-11
	TEMA 4: O EQUILIBRIO QUÍMICO	
	<b>EXAME GLOBAL</b>	<b>13-11</b>
SEGUNDA	TEMA 5: ÁCIDOS E BASES	18-12
	TEMA 6: ELECTROQUÍMICA	05-02
	<b>EXAME GLOBAL</b>	<b>12-02</b>
TERCEIRA	TEMA7: SINTESE ORGÁNICA E NOVOS MATERIAS	25-03
	TEMA1: ESTRUCTURA ATÓMICA E CLASIFICACIÓN PERIÓDICA DOS ELEMENTOS	22-04
	TEMA 2: ENLACE QUÍMICO E PROPIEDADES DAS SUBSTANCIAS	
	<b>EXAME GLOBAL</b>	<b>29-04</b>
	EXAME FINAL	06-05

### 12.3-CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

#### 12.3.1- Procedemento para a avaliación continua, final e extraordinaria

Mediante os instrumentos de avaliación rexistrarase a evolución de cada alumno e alumna e serán os seguintes:

**O traballo na aula**, tanto individualmente como en grupo, avaliarase mediante a rúbrica C, que se completará a partir das anotacións feitas polo profesor ou pola profesora resultado da observación diaria.

**O traballo no laboratorio** sera avaliado en cada avaliación mediante a rúbrica L. Nas visitas ao laboratorio o profesor ou a profesora anotará aspectos do traballo nas distintas prácticas que empregará para cubrir unha rúbrica L en cada avaliación.

**A avaliación das actividades TIC** dos temas farase mediante a rúbrica TIC.

**Os distintos niveis de logro dos estándares traballados** serán avaliados mediante unha proba escrita. Nela o alumnado resolverá cuestións prácticas nas que se aprecie, máis que o que saben, o que saben facer. Estas incluirán todos os estándares das unidades impartidas dende o inicio

desa avaliación e levarán indicada a puntuación que poden obter en cada unha das cuestións formuladas.

A avaliación extraordinaria de xuño será unha nova convocatoria que consistirá nunha única proba escrita sobre os todos os estándares traballados no curso.

### **12.3.2-Instrumentos e procedementos de cualificación**

Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse que non aproban a materia as cualificacións inferiores a cinco. Porén, empregaremos notas con dous decimais todo o curso que se converterán a números enteiros.

Una vez recollidas as evidencias no proceso de avaliación, a cualificación do alumno ou da alumna en cada trimestre obterase segundo os seguintes criterios:

-Un 80% da media das cualificacións obtidas nas probas escritas. A media das probas escritas obterase sumando o 50% da media aritmética das probas de cada unidade e o 50% da nota do exame final da avaliación.

-Un 20% da media aritmética da rúbrica C, rúbrica L e a rúbrica TIC.

A superación de cada avaliación requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

O redondeo ó alza de calquera nota, a partir de 5, farase a partires dunha compoñente decimal de 0,75.

Se se sorprende a un alumno copiando nun exame, asignaráselle un cero nesa proba.

Cada expulsión da aula suporá unha diminución de 0.5 puntos na nota final da avaliación.

Ao final de cada avaliación farase unha recuperación para os alumnos e para as alumnas que non puidesen acadar unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. A cualificación desta proba substituirá a cualificación da media das probas escritas desa avaliación

No mes de maio farase unha recuperación para os alumnos e para as alumnas que suspendan unha, dúas ou tres avaliacións; ou para quen pretenda mellorar a súa cualificación. A cualificación desta proba substituirá a cualificación da media das probas escritas da avaliación correspondente.

Para obter a cualificación final seguiranse os seguintes criterios:

A cualificación final obterase sumando os seguintes valores:

-O 75% da media arimética das tres avaliacións

- O 25% da nota da proba final

.Se a cualificación final é inferior a 5 sobre 10, o alumno ou a alumna deberá examinarse na avaliación extraordinaria de xuño.

A cualificación máxima que se pode acadar na proba extraordinaria de xuño será un oito.

### **13-ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

Os alumnos que teñan a materia pendente de superar terán dúas oportunidades para aprobar a asignatura na convocatoria de xuño.

- O primeiro exame terá lugar o mércores 30 de outubro as 16:00 horas. Versará sobre os todos os contidos curriculares da materia é considerárase a asignatura aprobada se a nota acadada fose superior a 5.

-O segundo exame celebrarase no mes de maio nunha data que se comunicara con suficiente antelación o alumnado implicado. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia e considerárase superada a materia se a nota e igual ou superior a cinco.

Se un alumno/a non superase a materia na convocatoria de xuño, deberá de presentarse a proba da convocatoria extraordinaria de setembro que versará sobre todos os contidos da materia. Para superar a materia a calificación obtida deberá ser igual ou superior a 5.

Os alumnos poderán solicitar exercicios referentes a materia da que se ten que examinar, así como dirixirse a Xefa do Departamento para solucionar dúbidas relativas aos contidos curriculares.

### **14. AVALIACIÓN INICIAL**

Para avaliar ao alumno/a levarase a cabo unha análise a través de:

-Informes do curso anterior (relacionados: tanto coas competencias acadadas nas distintas áreas coma os elaborados polo titor) dos que dispoña o profesor-titor.

-Observación directa nas distintas sesións da materia.

-Ao inicio do curso farase unha proba inicial que lle permitirá o profesor averiguar o nivel inicial que presenta o alumno/a en relación coas capacidades e os contidos da materia de Física e Química. Se os resultados desta proba non son satisfactorios, será necesario traballar os contidos que se estimen oportunos.

### **15. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

#### **CONTRIBUCIÓN AO PLAN ANUAL DE LECTURA**

Como contribución ao plan anual de lectura podemos destacar:

-Lectura de libros nos que a Física e a Química sexan importantes no argumento.

-Ánalise de noticias científicas que aparezan nos medios de comunicación.

-Realización e exposición de traballos relacionadps cos contidos da materia.

- Participación na Hora de Ler.

## **CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Os criterios, obxectivos e procedementos establecidos no Plan de Convivencia do Centro deben estar presentes diariamente na aula. Destacaremos entre outras as seguintes contribucións:

### **Educación moral e cívica:**

- Debates e reflexións sobre o tema relacionados cos contidos tratados na aula

### **Educación para a paz:**

- Resolución pacífica de conflitos na aula.
- Reflexións e debates en torno a educación para a paz.
- Fomentarse o rexeitamento de calquer tipo de violencia.

### **Educación para igualdade:**

- Reparto non discriminatorio das distintas tarefas.
- Reflexión e debates sobre a igualdade entre homes e mulleres.
- Sensibilizar aos alumnos/as sobre a importancia da muller na Ciencia.

### **Educación medioambiental:**

- Potenciar o aproveitamento e a reciclaxe dos materiais e o aforro enerxético.
- Debates sobre os principais temas medioambientais.
- Concienciar ao alumnado sobre o respecto o medioambiente.
- Reciclar adecuadamente os residuos xerados no laboratorio

### **Educación para a saúde:**

- Concienciar ao alumnado da importancia de respetar as normas de seguridade no laboratorio
- Charlas e debates relacionados cos contidos que impliquen hábitos de vida saudables.

### **Educación do consumidor:**

- Potenciarase o consumo moderado e responsable de materiais e recursos.

### **Seguridade viaria:**

- Relacionar certos contidos da materia coa prevención dos accidentes de tráfico.

### **Espírito emprendedor:**

- Realización de traballos en donde se valorará a autonomía, creatividade, traballo en equipo, orixinalidade, etc

## **CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

-Proporanse distintas actividades TIC que permitiran traballar ademais de outras competencias, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación na pescuda de información en páxinas web e na realización e presentación de traballos.



## **16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- Visitas a empresas e organismos relacionados cos contidos da materia.
- Asistencia a charlas, exposicións e conferencias de interese.
- Participación en convocatorias de actividades organizadas por institucións públicas ou privadas, que estén relacionadas coa Física e Química.
- Celebración, en colaboración con todos os Departamentos interesados, da Semana da Ciencia

## **17-ACREDITACIÓN COÑECEMENTOS PREVIOS.**

Durante a primeira semana de clases farase unha proba de Física e outra de Química, similar a proba extraordinaria de setembro.

-O alumno acreditará os coñecementos necesarios para poder cursar a materia de Física de 2º de Bacharelato cando a nota acadada na proba de Física sexa igual ou maior de 5.

-O alumno acreditará os coñecementos necesarios para poder cursar a materia de Química de 2º de Bacharelato cando a nota acadada na proba de Química sexa igual ou maior de 5.

## **18-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

Ao rematar cada trimestre reuniremonos os membros do Departamento e avaliaremos os seguintes aspectos:

- Temporalización, analizando en que medida se impartiu a materia prevista na programación
- Adecuación dos contidos ao nivel dos alumnos/as
- Dificultades coas que se atopan os alumnos/as
- Adecuación dos criterios de avaliación e dos instrumentos empregados
- Análise dos resultados obtidos
- Outras cuestións que se estimen oportunas analizar para mellorar a práctica docente.

As conclusións e as propostas de mellora serán rexistradas na correspondente acta.

## **19-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Ao rematar o curso, se a porcentaxe de alumnos/as que superan a asignatura é inferior o 60% analizaremos e modificaremos os seguintes apartados:

- Metodoloxía empregada.
- Temporalización
- Atención a diversidade
- Métodos de avaliación

Todas as propostas de mellora serán reflexadas na memoria final do Departamento.

## 20- COORDINACIÓN CON OUTROS DEPARTAMENTOS

- Organizar e colaborar actividades complementarias nas que participen outros Departamentos.
- Colaborar co Departamento de Orientación na elaboración de actividades de reforzo e adaptacións curriculares.
- Interrelación cos Departamentos de Matemáticas, Bioloxía e xeoloxía e Tecnoloxía para unificar criterios.

## 21- RÚBRICAS

<b>RÚBRICA C</b>	NUNCA	CASI NUNCA	ALGUNHAS VECES	CASI SIEMPRE	SIEMPRE
	0	3	5	7	10
PRESTA ATENCIÓN NA CLASE					
RESPECTA AS OPINIÓNS DOS COMPAÑEIROS					
SIGUE AS INSTRUCIÓNS DO PROFESOR/A					
PARTICIPA NA AULA E PREGUNTA DÚBIDAS					
REALIZA AS TAREFAS DIARIAS					
NOTA					

<b>RÚBRICA L</b>	NUNCA	CASI NUNCA	ALGUNHAS VECES	CASI SIEMPRE	SIEMPRE
	0	3	5	7	10
FAI CASO DAS ADVERTENCIAS DO PROFESOR RESPETANDO AS NORMAS DE SEGURIDADE					
DESCRIBE CORRECTAMENTE O PROCEDEMENTO E ENUMERA O MATERIAL EMPREGADO					
FAI GRÁFICAS					
FAI OS CÁLCULOS					
SACA CONCLUSIÓNS					
LAVA O MATERIAL E DEIXA A MESA RECOLLIDA E LIMPA					
NOTA					

<b>RÚBRICA TIC</b>	0	3	5	7	10
EXPOSICIÓN					
CONTIDOS					
RECURSOS					
ESTRUTURA					
NOTA					